



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O **Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)** organiza o vindeiro 28 de setembro en Santiago de Compostela a **11th RES USER CONFERENCE**, a reunión anual de usuarios da Rede Española de Supercomputación (RES), da que forma parte o centro.

Nesta edición, presentaranse detalladamente, tanto os recursos da rede como os supercomputadores **MareNostrum 4**, ubicado no Barcelona Supercomputing Center, ou o **FinisTerraes 2**, situado no CESGA, e contarase coa participación de Carmen Vela, secretaria de Estado de I+D+i, e de Francisco Conde, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Este evento está dirixido a **todos os usuarios actuais e potenciais dos recursos de supercomputación** que ofrece a Infraestructura Científica e Técnica Singular - Rede Española de Supercomputación e nel daránse cita **máis de cen investigadores usuarios de cálculo de altas prestacións**, de áreas como Química e Ciencia dos Materiais, Biomedicina e Ciencias da Vida, Matemáticas, Física i Enxeñaría, así como Astronomía, Espazo e Ciencias da Terra.

Se tes interese en coñecer os servizos que ofrece esta infraestrutura de cálculo, podes inscribirte gratuitamente no seguinte **enlace** e consultar o programa do congreso **aquí**.

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!

Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

